

Estimadas familias,

Por mor do cumprimento do artigo nº 13.3 dos Estatutos da ANPA, vémonos na necesidade de **abrir con efecto inmediato o prazo de presentación de novas candidaturas co obxecto de renovar con carácter urxente a Xunta Directiva**, xa que os cargos de Presidente e Secretaria superaron amplamente o período máximo establecido. Estas candidaturas poderán presentarse de xeito individual para cubrir as vacantes ou ben colectivo, co fin de conformar unha directiva completa (Presidente/a, Secretario/a e Tesoureiro/a e un mínimo de tres Vogais, tal e como sinala o artigo nº 13.1 dos Estatutos).

De conformidade cos Estatutos e a normativa aplicable, o equipo actual continuará coas funcións ordinarias que se lle atribúen ata o nomeamento dunha nova directiva en Asemblea Xeral, así como coas extraordinarias que xa estivesen definidas con anterioridade, como é o caso da organización da festa de fin de curso.

Co obxecto de resolver esta situación antes de finalizar o presente curso e tratar ao tempo outros temas de importancia, **a Xunta Directiva convoca Asemblea Xeral e Extraordinaria da ANPA en base ao artigo nº 18 dos Estatutos da Asociación, a celebrar o xoves, día 23 de maio, ás 19:00 horas no C.E.P. Brea Segade, e en segunda convocatoria ás 19:30 horas no mesmo lugar, coa seguinte orde do día:**

1. Lectura e aprobación da acta anterior, se procede.
2. Actuacións da ANPA no curso 2023/24.
3. Estado actual de contas.
4. Propostas da actual Xunta Directiva.
5. Presentación de candidaturas e renovación da Xunta Directiva.
6. Rogos e preguntas.

Pregamos a asistencia e participación das familias socias nesta asemblea a fin de conformar unha nova directiva que permita a continuidade da Asociación e do importante labor e servizos que presta dentro da comunidade educativa.

Dende a actual directiva, agradecemos a vosa colaboración, así como a confianza depositada en nós durante todos estes anos.

Un cordial saúdo,

A Xunta Directiva  
ANPA CEP Xosé María Brea Segade

O Presidente

A Secretaria